

Os Premios da Industria Musical anuncian os seus gañadores


Redacción | Nós Diario

Os Premios da Industria Musical da Galiza, impulsados pola Asociación Galegas das Empresas Musicais (Agem), deron a coñecer onte os gañadores e gañadoras desta edición 2025. O recoñecemento á Persoa do ano foi para Francisco Gómez, popularmente coñecido como Gandy, polo papel chave que desempeña na consolidación e o sostemento da escana musical galega. O público elixiu por votación popular ao Surfing The Lérez como gañador do Premio á Excelencia na Experiencia do Público neste 2025. Estes galardóns teñen o obxectivo de pór en valor aquelas traxectorias, proxectos e iniciativas no eido musical que destacan polo seu compromiso coa creatividade, a innovación, o respecto e a sustentabilidade. A entrega dos galardóns será o 27 de novembro en Compostela.

'Manual de patronaxe', un recoñecemento ás coidadoras

Redacción | Nós Diario

Teatro Noroeste desembarcará en Narón este mes de decembro coa estrea do seu novo espectáculo, *Manual de patronaxe*, dirixido por Clara Gayo, baixo o texto homónimo de Nerea Brey, gañador do Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia 2023. O proxecto, que representa a nova liña creativa de Teatro do Noroeste, é unha obra de autoficción na que a personaxe da 'escritora' busca descubrir a súa identidade como muller e como creadora nunha crise creativa. A través dos recordos do pasado de cando era nena, descobre que a súa avoa, que era modista, foi para ela un verdadeiro modelo feminista. *Manual de patronaxe* é unha peza aberta e flexible que abre un suxestivo diálogo interxeracional.



'Os Catro cisnes brancos', traducido por Manuel Fernández Barreiro, con debuxos de Daniel Castelao e publicado por Celtiga.

Tras as pescudas das traducións de 'Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete'

Cando Daniel Castelao cruzou o océano Atlántico cun ollo de vidro

Xoán Costa | Nós Diario

Entre novembro de 1922 e abril de 1923, *Un ollo de vidro* percorreu un itinerario singular: da edición ferrolá de Celtiga á súa tradución e difusión internacional. Castelao inauguraba así a súa dramaturxia cun humor capaz de cruzar fronteiras e linguas.

No final de outubro ou nos primeiros días de novembro de 1922, a editorial ferrolá Celtiga publicou *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, a obra de Castelao que supón a súa primeira incursión explícita na dramaturxia, ao adoptar a forma dun monólogo escénico no que o cemiterio funciona como escenario e o esquelete se converte en actor-espectador da sociedade dos vivos.

Podemos reconstruír a dispoñibilidade da obra grazas á prensa. O 18 de outubro, *Galicia: Diario de Vigo* animaba á lectura das "xeniais páxinas humorísticas de Castelao"; e un mes despois, 18 de novembro, advertía que xa se está esgotando. No intervalo, 8 de novembro, *El Progreso* (Lugo) publica unha nota que eloxia a "magnífica narración do gran

humorista Castelao", confirmando que o libro xa estaba distribuído. Estes anuncios mostran que Celtiga procuraba unha difusión que excedía o mercado local e utilizaba diferentes cabeceiras xornalísticas para consolidar unha ben planificada estratexia de promoción.

A travesía internacional

A comezos de 1923, *Un ollo de vidro* tiña xa circulación internacional. O 3 de xaneiro, *La Voz de Galicia* informa de que fora traducido ao inglés e publicado nun dos "máis lidos e populares magazines norteamericanos". A fórmula —"lo acaba de publicar"— suxire que a tradución xa estaba difundida. O 4 de abril, o *Diario de la Marina* (A Habana) recollía unha nota de Antón Vilar Ponte indicando que "La Nación de Buenos Aires, al igual que el *Diario*, publicó vertido al castellano su hermoso cuento *Un ojo de vidrio*".

A tradución ao castelán realizouna Juan Vicente Martínez Quelle, redactor de *La Nación* de Buenos Aires, e publicouse tanto nese xornal como no propio *Diario de la Marina*.

Dado o papel central de Ferrol na cadea de produción e

circulación —Celtiga como editora e Martínez Quelle como tradutor— resulta verosímil pensar que a tradución inglesa puidese articularse tamén desde esta cidade.

O perfil de Manuel Fernández Barreiro, figura chave do galeguismo ferrolán, tradutor desde o inglés para Celtiga en 1922 de *Os catro cisnes brancos*, con debuxos de Castelao, encaixa nunha estratexia de tradución "feita na casa" e no posterior envío a revistas internacionais. Fernández Barreiro, consignatario de buques e mecenas cultural foi secretario do Casino Ferrolano, fundador das Irmandades da Fala de Ferrol e apoio económico da colección Celtiga. Non existe, ou polo menos non se localizou aínda, atribución documental explícita para esa tradución polo que a hipótese debe formularse con cautela, mais non desbotala completamente.

A cronoloxía dunha exportación

Entre outubro de 1922 e abril de 1923, *Un ollo de vidro* percorreu un itinerario que vai da impresión ferrolá á recepción internacional. Xa coñecemos a cronoloxía verificábel: anuncio

en Vigo (18 de outubro), reseña en Lugo (8 de novembro), noticia da tradución ao inglés (3 de xaneiro), confirmación da publicación en castelán (4 de abril). Este conxunto de referencias revela que na altura Ferrol funcionou como auténtico laboratorio de internacionalización da nosa cultura.

A tradución ao inglés e ao castelán, demostra a capacidade de Celtiga para activar redes culturais transatlánticas nun prazo curto. O libro convertíase así nunha ponte textual entre a Galiza e as comunidades da emigración, especialmente en Cuba e Arxentina.

Daquela *Un ollo de vidro* foi lido na diáspora, referido na prensa galega en conexión coa esfera norteamericana e recoñecido como produto cultural exportábel. Hoxe está a adquirir de novo, grazas ás leituras públicas e ás representacións escénicas promovidas por Galiza Cultura, unha proxección e unha actualidade de que non gozaba desde hai un século.

Oxalá poidamos recuperar aquelas traducións de 1922 para as sumar ás realizadas nos últimos tempos para euskera, francés, inglés e castelán.